## Cales son as liñas de futuro que se plantexan desde a Administración para continuar co apoio á selección da Raza Frisona en Galiza?

A Consellaría tamén presta todo o seu apoio ao desenvolvemento da gandaría de leite en Galiza, somos conscientes de que é un sector estratéxico para o medio rural galego e non queremos que deixe de seguir desenvolvendo día a día. É certo que o sector non atravesa momentos de bonanza e é, nestes intre, cando mellor hai que facer as cousas. O traballo que se fai en selección e importante para obter

animais que fagan mais rendible a produción de leite, ademais de ser un estímulo para o gandeiro, que deste xeito prestixia a súa explotación e a súa profesionalidade.


Como xa sabedes a Comunidade Europea prohibe as axudas directas aos gandeiros, polo que as axudas teñen que basearse no apoio ás estruturas asociativas, de investigación e desenvolvemento, e que fan posible que todo o proceso de selección da cabana de frisión galego siga adiante.

Neste sentido, a Consellaría aporta infraestruturas, ferramentas de traballo, incentiva actuacións, etc, e todo isto desenvólveo xunto coas asociacións e os gandeiros. Precisamente, vense de publicar estes días a Orde que regula para o 2009 as axudas para a determinación da calidade xenética, o rendemento do gando e o programa de cría de frisión, mediante o cal as asociacións podeades solicitar axudas para o desenvolvemento do voso traballo.

Outras formas de actuación da Consellaría como forma de apoio a selección da Raza Frisona son as axudas destinadas a Xenética Fontao e a UTE de Bos, fundamentais para continuar progresando na mellora xenética do gando. Lembremos que no mes de setembro inauguráronse os novos laboratorios e instalacións da UTE Bos, un exemplo máis da aposta feita.

## Á marxe da xenética, este foi un ano movido para a gandaría de leite, debido á baixada de prezos en orixe, a suba das materias primas. Como está a situación nestes momentos? Que podemos esperar no futuro?

Na segunda metade de 2007 o prezo percibido polos produtores de leite experimentou unha subida sen pre-



Libro publicado pola Consellaría onde se recolle a evolución do Programa

cedentes. Nos primeiros seis meses de ese ano o prezo medio situouse en torno aos 0,30 €/litro, rematando o ano, segundo os datos do observatorio lácteo de Galiza en 0,3654 €/litro. En todo caso, as previsións, xa certezas, sitúan o prezo medio de 2008 lixeiramente por riba do de 2007, 0,3662 e moi por riba do que houbo no sector en anos anteriores -no 2006 foi de 0,2961 €/litro-.

Neste ano os descenso do prezo do leite preocupa a moitos produtores debido ao incremento no prezo dalgúns dos principais factores da produción -pensos concentrados, fertilizantes e combustibles-, unha suba que deu lugar a un incremento nos custos de produción. Tamén é certo que a forte caída nos últimos meses do prezo dos cereais e do petróleo, cando se trasladan aos insumos que merca o gandeiro, farán que os custos de produción se reduzan significativamente, o que permitirá no futuro inmediato recuperar as marxes económicas das explotacións eficientes.

Outro factor que fai aumentar a preocupación dos produtores é a evolución anticíclica do prezo do leite. Tradicionalmente o prezo do leite subía nos últimos meses do ano, ao revés do que sucede agora. Ante esta situación, hai que tratar de superar o efecto de incertidume que provocan unhas subas e baixas nos prezos que teñen pouca normalidade e que no futuro, todo o leite producido sexa recollido polas industrias lácteas na súa totalidade. Non

é xustificable que no Estado Español, que é fortemente deficitario entre a cantidade de cota que poden comercializar os produtores con relación o consumo interno de leite e produtos lácteos, quede leite sen recoller porque se abastecen con leite foráneo. Hai que darlle preferencia ao leite producido no Estado e autorregular as importacións para equilibrar a oferta coa demanda.

É necesario lograr unhas relacións estables entre produtores e industrias, con garantías para ámbalas dúas partes de recollida a prezos pactados no tempo e referenciado a índices obxectivos que lles permitan evolucionar con normalidade. Coido que é o camiño que mellor pode garantir que o sector lácteo se desenvolva satisfactoriamente.

### **Son os contratos homologados a solución?**

Se non son a solución, coido que axudan a resolver certos problemas que veño de describir. En maio do presente ano as organizacións agrarias (XXAA e UAAA) as cooperativas representadas en AGACA, e as industrias FEIRACO, Leite Río, Leite Celta e Queixerías Prado acordaron solicitar da Consellaría do Medio Rural a homologación dun Contrato-tipo para compra-venda de leite.

A homologación dun Contrato-tipo non significou que automaticamente este modelo pase a regular as relacións de compra-venda entre explotación e industrias. Compre que se cree

unha Comisión de Seguimento dos mesmos para que os compradores e vendedores empecen a asinalos. Paralelamente a este proceso a patronal láctea española Fenilxuntos coas OPAS a nivel de estado solicitaron do MARM outro Contrato-tipo, en moitos puntos con contido inferior ao galego. Actualmente as dúas comisións de seguimento están acordando validar e facer compatibles ámbolos dous contratos de tal maneira que no territorio galego actúa a Comisión de Seguimento e o Observatorio Lácteo xa establecidos.

Neste mes empezáronse a asinar os primeiros contratos que nalgúns casos comprométese a manter sen alteración o prezo-base cobrado en outubro ata o próximo mes de febreiro incluído. Nas próximas renovacións terase en conta aqueles índices publicados no Observatorio e pactados na Comisión de Seguimento. Asímeso o modelo de recibo de marzo do 2007, como recibo único así como a simetría no pago e desconto das primas por materia graxa e proteica. O valor destas primas serán iguais para todos os gandeiros da mesma industria. Garanten a recollida de todo o leite por un período de seis meses sendo prorrogable posteriormente con unhas condicións económicas coñecidas.

Os contratos homologados son a mellor ferramenta para dar estabilidade ao sector. Debemos esforzarnos todos porque baixo esta fórmula se negocie o leite da maioría dos produtores galegos.

### **Tamén neste final de ano a Unión Europea confirmou a finalización do sistema de cotas leiteiras para o 2015, como vai afectar a Galiza? cal é a postura da Consellaría do Medio Rural fronte a este anuncio?**

A Unión Europea acaba de realizar o Exame de Saúde da PAC, que na práctica é unha continuación da Reforma da OCM láctea de 2003. O conselleiro, Alfredo Suárez Canal, entrevistouse no pasado mes de abril coa comisaria de Agricultura da UE para exporlle o noso posicionamento sobre a PAC e a reforma da OCM do leite e produtos lácteos. Puxo de manifesto, sen a intermediación do Estado, a posición do Goberno Galego, que ve a necesidade de abordar medidas que deben



Mario Xacobeo



Subhasta Top-Bos, unha das actuacións froito da colaboración entre a Consellaría e os gandeiros.

permitir colocar a todos os produtores nas mesmas condicións en calquera escenario que se poda producir no 2015. Hai que ter en conta que aínda se van revisar os posibles cambios da OCM do leite nos anos 2010 e 2012. Non podemos chegar a un escenario sen cotas en peores condicións que os produtores que nunca tiveron que endebedarse para acadar niveis de cota que viabilizara o seu sistema produtivo. Non podemos asumir custos por algo que deixa de ter valor.

A introdución no artigo 68 da posibilidade que unha parte do diñeiro obtido pola vía da reforma da PAC poda ir destinado ao sector lácteo de determinadas zonas, aínda que sexa insuficiente é un primeiro paso para a creación dun Fondo Lácteo que lles permita ás explotacións que tiveron que endebedarse na compra de cota recibir compensacións para poder producir leite en igualdade cos gandeiros europeos que non tiveron que investir para poder comercializar o seu leite. Nun novo escenario sen cotas e imprescindible que todos partan da mesma liña. Sen lastres que graven a uns si e a outros non.

### **Habería que camiñar cara outro modelo productivo na gandaría de leite galega?**

O proceso de modernización das explotacións leiteiras no noso país foi continuado desde a posta en marcha do "Reglamento Estructural de la Producción lechera" (REPLE) a finais dos anos setenta. A entrada de España na

CEE obrigou aos produtores de leite a adoptar o Sistema de Cotas. No ano 1992 púxose realmente en práctica este sistema, orixinando que moitos produtores quedaran encorsetados en cantidades de cota mais baixas do que producían e do que ían producir, xa que os collía en plena expansión produtiva dos seus sistemas de produción. Naqueles anos, 60.000 explotacións dispoñían de 1.555.000 toneladas de cota. Hoxe 13.800 explotacións dispoñen de 2.200.000 toneladas. En Galiza nunca deixou de reducirse o número de explotacións e nunca deixou de aumentar a produción de leite. As explotacións que permanecen producen por riba da cota asignada. Galiza é a única Comunidade Autónoma do Estado que produce por riba da cota que os seus gandeiros teñen recoñecida. Se os gandeiros galegos non pagan super-taxa nas últimas campañas, e nesta todo apunta a que tampouco, é porque outras non producen a que teñen asignada. A maior parte desta cota foi adquirida mediante compras a outros gandeiros de outras Comunidades Autónomas que deixaron de producila. Actualmente as explotacións de leite están ben equipadas, con gandeiros/as que coñecen o seu oficio e que producen leite de gran calidade hixiénica e nutritiva. O gran problema é que a dimensión produtiva acadada en construcións, maquinaria, número de vacas e quilos de cota dispoñible non se ve correspondida co incremento da base territorial das explotacións. O número de vacas, e polo

tanto os litros producidos non gardan coherencia cos alimentos que se producen na explotación. Hai que mercalos fóra e iso faínos moi dependentes de recursos alleos. Onde vai a base territorial das explotacións que deixaron a actividade agraria? Moita dela ficou abandonada. Mobilizar esa terra en beneficio dos que a necesitan para poder producir os alimentos que o rabaño necesita, polo menos producir a totalidade das forraxes, ese debe ser o camiño do futuro. As dúas ferramentas postas en marcha pola Consellaría do Medio Rural nesta lexislatura, o Banco de Terras e o Contrato de Explotacións Sustentable, van nesa dirección. Facilitar o incremento da base territorial e, como consecuencia, que poidan recibir axudas de máis ou menos 200 €/hectárea de superficie agraria útil se se cumpren cos parámetros de non sobrepasar certos límites coa carga gandeira (UGM/Ha de SAU). É dicir, que haxa coherencia entre o número de vacas e a cantidade de terra dispoñible pola explotación, xa sexa propia ou arrendada. O futuro está, entre outras cousas, en reducir os custos de produción do leite. Os de alimentación do gando son os de maior volume e polo tanto debemos reducilos aproveitando a capacidade produtiva da terra e do clima, que en moitas comarcas do país, permite obter colleitas de mais de 12.000 t de manteria seca por Ha, tanto de millo como de herba, sen necesidade de regar.

O obxectivo principal debe ser aumentar a base territorial, xa que ademais do dito, permítenos establecer os contratos de explotacións sustentables e recibir axudas públicas por desenvolver sistemas de produción respetuosos co medio ambiente e facer unha correcta xestión dos puríns do rabaño.

### **Outra das inxerencias do sector este ano foi a chegada da lingua azul a Galiza, como vai a campaña de vacinación e que perspectivas hai para o próximo ano?**

O ritmo de execución da campaña de vacinación de lingua azul foi excelente. Entre o 1 de setembro, data de comezo da campaña, e o 14 de decembro vacináronse 784.668 bovinos, 235.716 ovinos e 48.520 cabrúns, aplicándose

nese tempo un total de 3.871.884 doses de vacinas dos serotipos 1 e 8 desta doenza. Tendo en conta a dificultade que entraña a execución da primeira vacinación, na que cada animal debe recibir dúas doses de cada unha das vacinas, así como a estrutura do noso sector gandeiro, que obrigou a visitar xa 40.557 explotacións de gando bovino e 21.457 explotacións de gando ovino e cabrún, podemos afirmar que a campaña desenvolveuse con axilidade e rapidez, ao que contribuíu a excelente colaboración dos produtores.

As previsións da Consellaría do Medio Rural son as de ter a data 31 de decembro vacinadas entre o 95 e o 100% das explotacións de reprodución, finalzándose de xeito definitivo a campaña en xaneiro en algunhas explotacións que de difícil manexo e en cebadeiros.

Esta rapidez na execución, xunto co descenso das temperaturas a finais do ano, contribúen sen dúbida a que a incidencia da enfermidade en Galiza non fora demasiado importante.

No ano 2009 executarase unha nova vacinación en sámana en todos os animais das especies sensibles, que comezará xa no primeiro trimestre do ano, e que se complementará cun protocolo de vacinación nos animais que vaian cumprindo tres meses nas explotacións, de xeito que a protección inmunitaria sexa máxima na época de maior actividade do vector transmisor. Coa protección acadada, a Consellaría do Medio Rural espera que a incidencia da enfermidade no ano 2009 sexa mínima, non afectando aos movementos comerciais dos animais.

### **Este tipo de situación sanitarias demostran a necesidade de promover a recría en Galiza para non ser tan dependentes das importacións do exterior?**

Non só se debe recriar por razóns sanitarias, que sendo verdade que é importante preservar a entrada de enfermidades que aquí non temos, tamén por razóns económicas debemos facer no país a recría das xovencas de leite. Temos preto de 400.000 vacas frisonas e uns niveis de xenética competitivos. Tamén é certo que carecemos, en moitas explotacións de leite, de base territorial, de espazo axeitado nos esta-



Baixo este logotipo perséguese promocionar e comercializar a carne de Frísón Galego

blos e de man de obra para atender co esmero debido a recría de xovencas. Para subsanar estas eivas, debemos desenvolver os plans de recría colectiva de xovencas en explotacións ben dotadas de terras e de equipamento. Neste sentido, algunhas cooperativas xa empezaron este proceso atendendo as demandas dalgúns dos seus socios, aproveitando que a Consellería do Medio Rural desde o ano pasado ten unha interesante liña de axudas para apoiar todas as iniciativas que vaian encamiñadas a este fin. Esta pode ser a solución cando as explotacións por si soas teñan dificultades para realizar a recría de polo menos o gando que cada ano debe repoñer.

### **Falemos un pouco do proxecto VAC1: que é? cales son os obxetivos que se perseguen? como pensa que vai incidir na economía das nosas ganderías?**

Galiza ten un censo de 375.000 vacas de leite e de 218.000 vacas de carne. Partindo dos índices de reposición do 25% e 10% para os rabaños de leite e carne respectivamente, descontando as baixas por morte, todos os anos destínanse a sacrificio ao redor de 100.000 vacas. Estas canais non se atopan revalorizadas, e unha porcentaxe delas entre 30.000 e 40.000 sempre que aos animais se lle faga un proceso de acabado, poderían ser destinadas a mercados que hoxe aprecian moito a carne "feita" de vaca galega. Esta carne pretendemos certificarla coa marca de calidade VAC.1 que lle garantice ao consumidor e ao canal HORECA a trazabilidade absoluta do produto.

Tamén hai que ter en conta que nacen ao redor de 300.000 crías de frísón cada ano. Aínda recriando todas as femias, dada a baixa porcentaxe de cebo

dos machos de gando frísón, todos os anos saen dos mercados de Santiago, Silleda e Castro Ribeiras de Lea aproximadamente 90.000 cabezas de crías con destino a cebadeiros de fóra do noso país. Para que este becerros deixen de "emigar" é preciso cebalos en Galiza, pero facelo nun sistema no que a base de alimentación sexa o ensilado de millo e a herba producida na explotación que os ceba. Esta é a maneira de depender moito menos dos concentrados que hai que importar e aproveitar as boas condicións que a nosa terra ten para producir este tipo de forraxes a baixo custe. Cebalos ata os 10-12 meses baixo un prego de condicións xa aceptado, sacrificalos e vendelos despezados pechando os ciclos, de tal maneira que o control e a certificación desta carne etiquetada, resulte moito máis eficaz que certificar canais, vai ser o camiño que as explotacións de leite a través de VAC.1 teñan para rendibilizar os xatos que producen e que hoxe non pasan en moitos casos de ser un sub-produto. Galiza contará así coa IXP Ternera Gallega, que xa é a IXP de carne de vacún con maior volume no Estado, e con VAC.1, que valoriza a carne producida en Galiza e que non é susceptible de ser amparada por Ternera Gallega. VAC.1 vai poñer no mercado unha carne de calidade e con todas as garantías ao consumidor da trazabilidade do produto, evitando que o consumidor final non pague por Carne Gallega o que non o é.

As explotacións de leite terán así a oportunidade de incrementar os seus ingresos, ao poñer en valor a carne do seu rabaño, xa sexa individualmente na explotación ou participando en proxectos asociativos con outras.

# Xacobeo afiánzase como número 1

O bonito grupo de vacas que tuvemos ocasión de ver durante a presentación de fillas de Xacobeo, na Feira Internacional Semana Verde de Galicia, foi un preludio ás boas novas que sobre este extraordinario touro nos trouxeron as probas de Decembro, nas que, con un ICO DE +3.050, consolídase como nº 1 do ranking, e incrementa a distancia cos seus inmediatos seguidores (+ de 300 puntos co 2º).

Nesta avaliación Xacobeo incorporou a súa proba 72 novas fillas en produción e 22 en tipo, co que a súa fiabilidade supera xa o 90% (93/91). A pesar do incremento do número de fillas, a súa proba mellorou tanto en produción como en tipo, confirmando-se como un semental con un extraordinario potencial de mellora, moi balanceado en tódolos seus caracteres e sen dificultade á hora de utilizar correctamente nas nosas explotacións.



Sylvie Gouin

MARIO XACOBEO ET TV TL		Valoración Xenética	Fiabilidade	Kg. Leite	% Graxa	Kg. Graxa	% Proteína	Kg. Proteína
		PRODUCCIÓN	93	1411	-0,21	31	-0,06	39
ICO	3050	Valoración Xenética	Fiabilidade	IXT	ICAP	Angulosidade	IPP	ICU
Percentil	99	TIPO	91	3,7	1,53	2,6	2,47	3,59



Grupo de fillas de Xacobeo durante a Semana Verde



# ARRIMADOR DE COMIDA “BUTLER”

El “BUTLER” arrima la comida de forma automática y además añade un poco de pienso atrayendo a las vacas.

Ya lo tienen:

- **Ganadería Benera**  
670 95 72 60 (Cantabria)
- **Miren Ardeo**  
610 06 66 87 (Bilbao)
- **Can Palau**  
636 92 67 28 (Girona)
- **Sofio Canora**  
615 60 90 30 (Ávila)

Pregúntales por el funcionamiento!!



*Tecnología pensada por un ganadero para los ganaderos!!*

# ARROBADERA DE CABLE “JUMBO”



## LES OFRECEMOS TAMBIÉN:

Naves llave en mano, Cubículos, Colchones látex / goma, Cornadizas, Goma para pasillos / sala espera-ordeño, Abrevaderos revoltables, Cepillos, Batidores, Bombas de purín...

## IMPORT-EXPORT SIGO, s.l.

c/ les Fontiques, nº 1  
Tel. - Fax 972 69 10 89 - Móvil 659 53 40 68  
17172 LES PLANES D'HOSTOLES (Girona) Spain  
www.sigosl.com - info@sigosl.com



## GANADERIA O CASTRO, S.L.

Avda. Recinto Ferial, 2 - 36540 SILLEDA (Pontevedra)  
Oficina: 986 580003 - Fax: 986 581367



# CXG

## estivemos na Semana Verde...

Nesta edición de Semana Verde, tuvemos a oportunidade de participar na primeira edición do **Concurso de Pelado**. Fomos finalmente 13 xóvenes os que aproveitamos a oportunidade de demostrar os gandeiros participantes no concurso e ao público en xeral que, somos ou intentamos ser profesionais, e loitamos por estes eventos a fin de compartir experiencias. Somos xóvenes de Galicia e xa temos compañeiros de outras autonomías e incluso de Portugal. Isto garántenos que o traballo será un camiño de amizade, non importa de onde sexamos só importa que camiñemos xuntos.

Ante todo temos ambición e desexo de superación pero éstas non abundan para facer realidade tódolos nosos soños, é por eso que conosco colaboran habitualmente ganderías, persoal, entidades, etc.



### Especialmente nesta edición de Semana Verde queremos manifestar o noso sincero agradecemento a:

#### Fefriga

polo seu apoio, por crer en nós, por comprendernos, por axudarnos, por compartir todo, ...

O noso especial agradecemento á Xunta Directiva, técnicos e persoal que nos facilitan todo e canto ésta ao seu alcance para levar a cabo as nosas actividades.

Por este espazo da súa revista, dado que temos aquí a oportunidade de expresarnos, de darnos a coñecer e de expoñer os nosos traballos.

#### Semana Verde

porque nos aceptou formar parte na Comisión Organizadora e porque nos apoiaron e contaron con nós na organización dos seus eventos. Porque sen a súa colaboración non sería posible a divulgación das nosas actividades e nin sequera poderíamos mostralas ao público en xeral. Pola súa convocatoria, polos patrocinadores, e por cada unha das comodidades das que dipuxemos durante estas Xornadas nas súas instalacións.


#### Xuiz

polas extraordinarias explicacións e por facernos chegar a cada un dos participantes as indicacións amigable e profesionalmente. En cada momento estivo analizando e pendente de cada un de nós, a fin de corrixir detalles á hora de preparar e presentar gando en pista. Un profesional que nos transmitiu o seu bo facer e experiencia con vacún de leite.

#### Ganderías colaboradoras

porque sen os seus animais non se podería organizar ningún destes Eventos. Á súa inestimable colaboración e vontade de participación nos concursos. Eles son os que deron e dan alento ao sector, e nós como compañeiros gandeiros, intentaremos non defraudalos e continuar loitando polos concursos. Eles transmitíennos entereza, valor e espírito gandeiro

**Aproveitamos para desexarlles a todos os nosos socios, as súas familias, e a todos aqueles que colaboran con nós, un próspero aninovo e moita sorte**



## Comunicación relativa ao NIF

A Orde EHA/451/2008, do 20 de Febreiro, regula a composición do número de identificación fiscal das persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica, establecendo novas claves e modificando algunhas das existentes para indicar a forma xurídica das entidades españolas ou, no seu caso, o carácter de entidade extranxeira ou de establecemento permanente dunha entidade non residente. Na súa disposición transitoria única sinala a necesidade de asignar un novo NIF ás entidades que xa dispuxeran de un pero que, en aplicación da nova normativa, lles corresponda outra distinta.

Dende a entrada en vigor da Orde, o pasado 1 de Xullo, a

Axencia Tributaria púxose en comunicación coas entidades que poderían resultar afectadas para indicarlles se debían manter o seu NIF ou modificalo, dándolles, ademáis, a posibilidade de comunicar a súa forma xurídica correcta se detectaban algún erro na información disponible nas oficinas da Axencia.

Pregamos a tódolos socios e clientes que, por mor da nova normativa, lles cambiaran o NIF, no lo comuniquen o antes posible. Igualmente informamos ós nosos provedores que a partir do día 1 de Xaneiro de 2009 **o noso novo NIF será V15320112.**

## Ley de protección de datos

### Cláusula LOPD dirixida ós socios

Dacordo co establecido na Ley Orgánica 15/1999, informámoslle de que os seus datos persoais forman parte dun ficheiro, cuio responsable é **FEDERACIÓN FRISONA GALEGA** con domicilio social en **Rúa Melide, 25-27 baixo 15705 Santiago de Compostela** (A Coruña). A finalidade deste ficheiro é a xestión dos socios gandeiros que forman parte das asociacións da federación. Informámoslle de que os seus datos poderán ser cedidos a CONAFE para o normal funcionamento do Libro Xenealóxico e Avaliacións Xenéticas, á Xunta de Galicia para o Control Leiteiro Oficial

e á Asociación Provincial á que pertenza cada gandeiro, coa finalidade de levar a cabo a xestión dos servizos que presta a Federación ós socios. Asimesmo, informámoslle de que, salvo que indique por escrito o contrario, enviámoslle información actualizada sobre a federación que estimamos podan ser do seu interese. Se o desexa poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito á dirección sinalada, adxuntando una fotocopia do seu DNI. O cal comunicamos a tódolos nosos asociados, para xeral coñecemento.



## Seminario para veterinarios

O pasado 13 de Novembro, celebrouse nas instalacións da U.T.E. de Bos un seminario para veterinarios especializados en reprodución bovina denominado *Fisioloxía reproductiva clínica y fertilidad en ganado vacuno lechero*.

Organizado e patrocinado por Laboratorios CEVA, contou coa participación de D. Fernando López Gatus, Catedrático de Reproducción da Universidade de Lleida, xunto con D<sup>a</sup>. Irina García, Investigadora do seu equipo.

A calidade técnica e prestixio dos ponentes congregou a 40 veterinarios, a maioría de Galicia e Asturias. Durante o encontro tiveron oportunidade de realizar unha visita á Finca de Bos e coñecer tamén as novas instalacións, onde recibiron información sobre os programas desenvolvidos neste centro e os proxectos de futuro da unidade.

No seminario abordáronse temáticas que abarcaron dende a anatomía funcional e clínica do aparato xenital da vaca; a fisioloxía da xestación; as variables climáticas e a fertilidade; os factores de orixe non infeccioso que afectan a perda fetal temperá; formas clínicas de anestro e tratamento; aspectos epidemiolóxicos relacionados coa neosporose; e a xestión da fertilidade.

Con este tipo de actividades a U.T.E. de Bos pretende aportar un valor engadido aos programas que desenvolve, servindo de foro para o encontro e actualización de profesionais e técnicos que desenvolven a súa labor no campo da reprodución bovina.



## Visita a Bos

Os pasados días 25 e 26 de Novembro, unha delegación da Consellería d'Agricultura i Pesca del Govern de les Illes Balears, encabezada pola Sra. Directora General de Agricultura Dña. María José Suasi Amengual, a quen acompañaban técnicos do seu departamento e do Institut de Biología Animal de Balears (IBABSA), visitaron Galicia a fin de coñecer e valorar "in situ" os Programas de Mellora implantados na nosa comunidade (Programas de Testaxe, Control Leiteiro, conservación de Razas Autóctonas, etc,..)

Durante a visita que realizaron ás instalacións da UTE de Bos, centraron o seu interese no programa de incorporación e multiplicación de xenética elite que, vía transferencia embrionaria, estamos a desenvolver, así como nos resultados obtidos en campo, polas posibilidades de mellora das explotacións e incremento da oferta de xenética elite que elo conleva.



## axenda 09

- |                       |  |
|-----------------------|--|
| <b>7 Marzo</b>        | POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA en Castro Ribeiras do Lea - Lugo  |
| <b>4 e 5 Abril</b>    | XXIII CONCURSO DE GANDO FRISÓN MOEXMU '09  |
| <b>26 Abril</b>       | POXA EN MONTERROSO en Monterroso - Lugo  |
| <b>2 Maio</b>         | XIII SUBHASTA TOP-BOS  |
| <b>9-10 Maio</b>      | II CONCURSO DE CRIADORES en Sarria - Lugo  |
| <b>6 Xuño</b>         | POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA en Castro Ribeiras do Lea - Lugo  |
| <b>10-14 Xuño</b>     | 32ª EDICIÓN FERIA INTERNACIONAL SEMANA VERDE DE GALICIA<br>XXXI CONCURSO INTERNACIONAL DE FRISÓN SEMANA VERDE DE GALICIA<br>XVIII CONCURSO AUTONOMICO DA RAZA FRISONA FEFRIGA '09<br>XXV CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES MEMORIAL LUIS LOUZAO '09<br>IX CONCURSO DE PINTURA FEFRIGA '09<br>II CONCURSO DE PELADO SEMANA VERDE 2009 |
| <b>2 ao 5 Outubro</b> | EXPOLUGO   |
| <b>24-25 Outubro</b>  | XVIII CONCURSO-SUBHASTA DE GANDO FRISÓN CHANTADA '09 en Chantada - Lugo  |
| <b>7 Novembro</b>     | POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA en Castro Ribeiras do Lea - Lugo  |
| <b>13 Decembro</b>    | POXA EN MONTERROSO en Monterroso - Lugo  |

# XENÉTICA PROPIA PARA GANDO CON FUTURO



Bos Allen CUXA ET



Bos Convincer GYPSY



Mantoño DUNO



Bos James CHAMOSO



Mario XACOBEO



**XACOBEO**  
Nº 1 de España

EMBRIÓN  
XOVENCAS  
TOUROS NOVOS  
FAMILIAS DE VACAS  
SEMENTAIS PROBADOS

MARIO XACOBEO ET TL TV MB-89  
+1,181 Qg.L.      ESTATURA: +2,98  
+30 Qg.PROT.      ANGULOSIDADE: +2,40  
TIPO: +3,54      UBRE ANT.: +4,02  
UBRES: + 3,48      PROF. DO UBRE: +3,27  
PATAS: +2,43

PROGRAMA de MELLORA  
GANDEIRA de GALIZA  
[www.melloragandeira.com](http://www.melloragandeira.com)




XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



medio rural

**NUDESA**  
NUTRIMENTOS DEZA, S.A.



*Alimentando **Bos***

[www.nudesa.com](http://www.nudesa.com) • Tel. 986 581 200